

**XXXIV FESTA DA FILLOA DE**  
**MUIMENTA – FESTA DE INTERESE**  
**TURÍSTICO DE GALICIA**

***Recinto Feiral “Manuel Vila López”***

***Muimenta, 1 de maio do 2025***

## **PROGRAMA:**

Venres, día 25 de abril

22:00 Presentación da XXXIV Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia en directo no programa Luar, da Galega (TVG) e degustación das mesmas durante a emisión do programa.

Xoves, día 1 de maio:

- 07:30 Apertura do Recinto Feiral “Manuel Vila López”
- 08:00 Coméncase a elaborar filloas na máquina de Tartas Lestedo
- 08:30 Entrada dos expositores de artesanía e dos produtos galegos de calidade
- 09:00 Entrada de Fiolleiras e Fiolleiros
- 10:00 Apertura das exposicións do Traxe Tradicional e Artesanía, así como a de Sempre en Galiza sobre Castelao do Centro de Artesanía e Deseño - CENTRAD da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo nas oficinas do Recinto Feiral
- 10:30 Entrada do persoal de servizos, churrasqueiros e coméncase a quentar as parrillas
- 11:00 Apertura do Museo da Zoca e da Escola Vella (ubicados ambos no campo da Igrexa Vella) por parte da directiva de Xotramu para toda a xente que desexe visitala, así como da exposición “E ti, de onde ves sendo?” do Colexio de Educación Infantil e Primaria de Muimenta. De valde.
- 11:15 Actuación da “Escola de música e baile tradicional de A Pastoriza”.
- 12:00 Taller de Olaría, en horario de mañá, a cargo de Inmaculada Díaz Cabado, en colaboración co Centro de Artesanía e Deseño - CENTRAD da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo

- 12:00 Degustación de xamón de porco celta, en colaboración con Asoporcel dentro do programa “Un gusto de rural un rural de gusto” da Área de Medio Rural e do Mar e Xuventude da Deputación Provincial de Lugo.
- 12:15 Actuación do Grupo de Música e Baile da Asociación Cultural Arume de Caión
- 13:15 Sesión Vermouth a cargo de Cosmedeejay da empresa Eventec
- 13:30 Inauguración oficial da XXXIV Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia
- 13:40 Lectura do pregón a cargo do actor Denís Gómez
- 13:50 Entrega de premios aos gañadores do XXV Concurso de Relato e Debuxo - Filloa 2025, tanto na súa modalidade de debuxo coma de relato.
- 14:00 Sesión Vermouth a cargo da Cosmedeejay da empresa Eventec (continuación)
- 14:10 Visita @s stand das filloeiras e dos filloeiros, así como dos churrasqueiros por parte das autoridades presentes.
- 14:45 Xantar no pavillón ubicado dentro do Recinto Feiral “Manuel Vila López”.
- 16:00 Actuación do grupo “Asubíos da Chaira” de Cospeito, dentro do programa Tradigalu da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo
- 16:00 Taller de Olaría, en horario de tarde, a cargo de Inmaculada Díaz Cabado, en colaboración co Centro de Artesanía e Deseño - CENTRAD da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo
- 17:00 Actividades de agility con cans levadas a cabo por Tephira
- 17:30 Actuación do grupo de “Beteluma”.
- 18:30 Actuación do grupo “Os do Campo”
- 19:30 Clausura da XXXIV Festa da Filloa e demais actividades enmarcadas no programa.

Domingo, día 11 de maio:

14:00 Xantar de agradecemento ao persoal que colaborou na XXXIV Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia

## NOTAS DE INTERESE:

- ✓ A Festa da Filloa ten o título de Festa de Interés Turístico de Galicia, concedido pola Xunta de Galicia o 21 de febreiro do 2008.
- ✓ En setembro do ano 2023, foi recoñecida co premio á Excelencia Turística na Provincia de Lugo, polo Consello Provincial de Turismo de Lugo.
- ✓ A comisión organizadora é a mesma ca da XLI MOEXMU – 2025:

Presidenta	Ana Iglesias Lozano
Vocais	Antonio Anllo Díaz Ángel Jesús Engroba García José Luis Lodos Ferreiro Pilar Morán Edrosa Aníbal José Rodríguez Folgueira
Coordinador	José Manuel Rus Rodríguez

- ✓ De maneira provisional, termos case 145 persoas colaborando durante toda a xornada do primeiro de maio:

Filloeiras y Filloeiros	66
Máquina	22
Servizos: tickets, atender persoal, amasar	8
Churrasqueiros	16
Pavillón	23
Despachar churrasco	6
Despachar filloas	4
	145

- ✓ Orzamento de 30.065,93 Euros.
- ✓ Este será o segundo ano que teremos **Filloas sen gluten** para o público. Será varía xente, das filloeiras máis novas quen se animan a preparalas nesta edición. Teléfono de Iria (637 832 732).
- ✓ Exposición de **Artesanía e** Productos de Calidade, coma por exemplo os queixos de San Simón, o coiro de Melide, barro, figuras de artesanía, etc.

- ✓ Dentro do Concurso de Debuxo e Relato Filloa – 2025, participan máis dun cento de traballos, dos colexios de Vilalba, Castro de Rei, Castro Ribeiras de Lea, Cospeito, Meira, Abadín e Muimenta, baixo a temática “A Festa da Filloa”. Os premios son patrocinados polo Concello de Cospeito, a área de Medio Rural do Mar e Xuventude da Deputación Provincial de Lugo, a Delegación Provincial en Lugo da Xunta de Galicia en Lugo, así como diferentes entidades financeiras (Abanca, Caixa Rural e o Sabadell Gallego), ademáis da empresa Aceites Abril e a propia comisión organizadora.
- ✓ A maiores o mellor debuxo e o mellor relato, obterá cada un, como premio unha **Tablet Leonovo M11** doado polo Vicerrectorado en Lugo da Universidade de Santiago de Compostela. Grazas ao convenio de colaboración asinado o 23 de abril do 2.010.
- ✓ O domingo 11 de maio convídase a xantar no Recinto Feiral “Manuel Vila López” de Muimenta ao persoal colaborador que traballa durante toda a xornada do primeiro.
- ✓ O pregoeiro desta edición é o actor Denís Gómez, nado en Coruña 1978, (teléfono 658 151 089). Estudou Dereito na Universidade da súa cidade onde comezou a partillar os seus estudos oficiais con teatro universitario. Como a súa afición superou en ánimo á súa formación en leis, decidiu rematar a carreira en Madrid e así poder compaxinalo cos estudos de arte dramático. Foi aí onde comezaron a saírle os seus primeiros papeis en películas como “Los Lunes al sol” de Fernando León ou series como “El Comisario”. Aos poucos, os traballos no mundo audiovisual foron crecendo en cantidade e importancia e asemade afianzándose os seus traballos sobre as táboas da man da súa compañía “Os Náufragos” que comenzou a súa actividade en Madrid pero que ten agora a súa sede en Galicia. No 2016 protagonizou para TVG “O sabor das margaridas”, primeira serie en galego para Netflix que obtivo gran éxito en todo o mundo, convertíndose na serie mais vista en idioma estranxeiro en moitos países do mundo.  
Por esta serie, obtivo o seu primeiro nomeamento aos premios Mateo coincidindo tamén coa súa primeira nominación aos Maria Casares de teatro por “Karelu”.

Traballos como “Código Emperador” con Luis Tosar, “Serramoura”, “Padre Casares”, “Entrevías” Ou “Cuéntame cómo pasó” foron continuándose ate os modos días onde ten pendente a estrea de tres películas rodadas na terra e unha serie para Netflix.

- ✓ Taller de Olaría a cargo Inmaculada Díaz Cabado: Teléfono 653 286 297, en colaboración coa Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo, tanto en horario de mañá como de tarde.
- ✓ E as 12:15 Actuación do Grupo de Música e Baile da Asociación Cultural Arume de Caión (diante dos stand das filloeiras e filloeiros). Teléfono de Esteban: 679 717 488
- ✓ A partir das 13:15 horas, teremos unha pequena sesión de música a cargo de Cosmedeejay (Eventec Discomóvil), que se retomará a partir das 14:00 horas, tras un breve descanso para que se desenvolvan os actos protocolarios correspondentes á inauguración oficial da XXXIV Festa da Filloa de Muimenta.
- ✓ Música tradicional, dentro do programa Tradigalu da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación Provincial de Lugo, a cargo do grupo Asubios da Chaira de Cospeito, aproximadamente ás 16:00 horas, a primeira parte no pavillón do Recinto Feiral “Manuel Vila” e a segunda, diante os stands das filloeiras e filloeiros.
- ✓ Beteluma é un grupo de cantareiras, nado no 2022 en Cospeito. Está composto por catro mulleres que amosan gran paixón pola música : Belén, Telma, Lucía e Marta das cales provén o nome do seu grupo. Beteluma xurde da inspiración de Dani, o coordinador do grupo, que amosaba moito interese por crear unha agrupación tradicional. Unha iniciativa defendida dende o primeiro momento e acollida con moita ilusión entre as súas integrantes.
- ✓ Os do Campo.- anque inicialmente nace como un dúo formado por Miguel (bodhran) e Dani (wistles), pronto se suma Juan (guitarra). O seu repertorio vai dende o reels, muiñeiras, jigs, slow airs e algún que outro tema versionado, facendo así una selección variada cun mesmo denominador común: a festa.
- ✓ Esperan poñerese a venda unhas 18.000 filloas ao longo de toda a xornada.

- ✓ Continuase a ultimar o Recinto Feiral “Manuel Vila López” por parte da comisión organizadora en colaboración co persoal do Concello de Cospeito.
- ✓ Participa na xornada tanto veciñanza da parroquia de Muimenta, como tamén dos pobos de Outeiro, Bazar, Pacios, Prevesos, San Martiño de Corbelle, Villarente, Rigueira, A Graña, Roás, Bretoña, Meira ou Xermar, por poñer exemplos.
- ✓ Panadería Hermo agasallo a faraña (sobre uns 600 quilos) para o amoadado das Filloas
- ✓ Aceites Abril, colabora con 60 botellas de aceite de oliva extra e con vinte lotes de agasallos para os premiados do Concurso de Debuxo e Relato da Filloa
- ✓ Cafés Candelas, fai o propio, con 15 quilos de café.
- ✓ E a Auga é un agasallo de Aguas de Galicia, de Cospeito
- ✓ Volveremos a contar, como dende o ano 2006 coa máquina de facer filloas da empresa Tartas Lestedo (Boqueixón - A Coruña) que lle axudará as mulleres e homes a facer filloas durante toda a xornada.
- ✓ Continuamos coas actividades de Agility cos cans, a partir das 17:00 horas, a cargo da empresa Tephira (Virgina 650 825 080), sobresaíndo xogos de olfato, detección e mini pistas para os máis novos
- ✓ Igualmente, se a xente que acuda á esta edición da Festa da Filloa, poderán facer unhas **pranchadas** de filloas se así o desexa.
- ✓ Ademáis, haberá **degustación** de Filloas con nocilla, nata ou con mel, tanto onde se despachan como no pavillón (destinado a comedor)
- ✓ Podrase visitar tanto o Museo Pedagóxico como o Museo da Zoca ubicados na campo da Igrexa Vella de Muimenta, cuia xestión corre a cargo de Xotramu. Agradécese a reserva previa de horario no teléfono de Kiko (637 957 400).
- ✓ O C.E.I.P. de Muimenta, organizou durante os últimos meses un proxecto de indagación na toponimia e microtoponimia, costumes e contorna do seu alumnado, baixo o título “E ti, de onde vés sendo?”. Dita exposición estará no Museo ubicado na Igrexa Vella. Nel, as nenas e nenos tiveron que recoller a seguinte información para favorecer a adquisición de saberes e aprendizaxes, e valorando a súa realidade, así como a importancia do patrimonio inmaterial:



- O nome e o significado (no caso de telo) do seu lugar, parroquia, nomes de lugares próximos da contorna que lles/vos sexan de interese (Cimadevila, Portodosal, A Regueiriña, Quintela, A Graña...)
  - Lugares de interese naturais así como construcións (cruceiros, pontes...) que sexan característicos da zona ou lugar onde viven
  - Ditos ou refráns da súa zoa
  - Datos de persoas significadas da zona -xa sexa por algunha habilidade, coñecemento, oficio ou sona.
  - Persoa máis vella e máis nova.
  - Algún conto, lenda ou anécdota que faga parte da memoria familiar ou comunitaria.
- ✓ Este ano, comeza unha nova actividade dentro do programa de actos da Festa da Filloa, coa idea de que esta perdure no tempo: convidar a outras Festas Gastronómicas da Provincia a que participen o vindeiro primeiro de maio. Unir esforzos, compartir sinerxias e axudar a promoción das mesmas na comarca da Terra Cha son os principais motivos para poñer en marcha este novo proxecto. Neste primeiro ano, convidouse a dous eventos que se celebran na zoa da Mariña Lucense:
- ✓ **VI Festa da ENFARIÑADA de Trabada.**- que se celebrará o domingo seguinte da Festa da Filloa de Muimenta: o catro de maio. Con esta Festa, que comezou o seu camiño no ano 2018, o Concello de Trabada pretende recuperar unha tradición con moita historia na súa terra e que se elabora con ovos, leite, auga, fariña e sal. Este prato, transmitido de xeración en xeración (como a Filloa de Muimenta), mantivo viva esta tradición culinaria, que durante moitos anos, sirviu de recurso esencial para alimentar ás familias da zoa. Medio centenar de veciños e veciñas do Concello participarán o vindeiro primeiro domingo de maio (Día da Nai), dende primeira hora da mañá, na preparación da Enfariñada (pola zoa, tamén se pode denominar “faragullos”). Ao igual que a veciñanza de Muimenta, o fan de maneira desinteresada, colaborando deste xeito e dar a coñecer e promocionar un típico produto da súa comarca. Por outra banda, as cuncas coas que se van a repartir a racións, están fabricadas polos rapaces e rapazas da Asociación de Saúde

Mental de A Mariña, as cales son mercadas polo Concello de Trabada. As similitudes entre ambas celebracións (Muimenta e Trabada//Filloa e Enfariñada), son máis das que moitos pensaban: case os mesmos ingredientes e a mesma colaboración da veciñanza. Para máis información particular sobre dita celebración, podedes poñervos en contacto do Alcalde de Trabada (Don Rubén García Freije, no teléfono 677 118 521).

- ✓ **IV Festa Degustación do Requeixón de Vilamartín Pequeno (Barreiros)** – dende a “Asociación Cultural e de Festexos Terras de Vilamartín” no ano 2022 decidiron activar dito proxecto coa finalidade de por en valor un produto moi presente na idiosincrasia culinaria de Galicia e que toma como base a materia prima que sustenta gran parte das economías doméstica de dita aldea: o leite. Dita celebración, que terá lugar o sábado 14 de xuño, faise coincidir coas Festas Patronais de dita parroquia. Comeza cara a media mañá, expoñendo o produto en diferentes formatos e envases, coa posibilidade de ser adquirido polos asistentes e convidados. As vintena de casas da parroquia, participan na súa celebración elaborando o Requeixón, baseado na experiencia das súas veciñas. Remátase cun xantar popular a base de empanada, xamón cocido, polbo e como non, requeixón. Unha aldea pequena que, con moitas gañas e ilusión, e ao igual que Muimenta, traballan polo seu apego e amor polo rural e polo pobo que nos viu medrar. Para máis información sobre esta celebración, podedes poñervos en contacto coa súa organización (Yoni Peña Bermúdez, no teléfono 659 948 252)
- ✓ Podese ampliar todo este programa de información no noso facebook (Moexmu Muimenta), no no twitter (Moexmu), no blogg (Moexmu), así como en Lugo 10 e Fiesta de Galicia, así como no noso enderezo electrónico ([moexmu@gmail.com](mailto:moexmu@gmail.com))

Para a xornada necesítase o seguinte material:

- 1.000 quilos de costilla en tira para o día 1.
- 150 quilos de chorizo criollo.

- 144 litros de augardente para a queimada.
- 12 litros de licor café
- 350 litros de viño
- 2 palets de auga de medio litro de Manantiales de Galicia que foron agasalladas por dita empresa.
- 600 quilos de fariña, agasalladas por Panadería Hermo de Muimenta.
- 200 quilos de pan para o día da filloa
- 750 quilos de carbón
- 65 litros de aceite
- 10 quilos de sal gorda.
- 5 quilos de sal fino
- 30 quilos de café
- 24 litros de leite.
- 50 quilos de zucre.
- 70 bombonas de butano.
- 35 bombonas de propano.
- 75 dúcias de ovos
- 50 litros de gaseosas.
- 4 quilos de limóns
- 4 quilos de laranxas
- 4 botes de crema de chocolate
- 2 botes de mel
- 2 botes de nata
- 1.000 metros de mantel de plástico
- 100 mesas
- 1.100 sillas
- 5.000 servilletas
- 2.500 platos.
- 3.000 vasos.
- 4 rolos de papel grande de bobina

- 5 caixas de guantes de plástico para as filloeiras e os churrasqueiros

Organiza:

- ✓ Comisión da XLI Moexmu.(composta por empresarios do pobo de Muimenta, e que son os integrantes da sexta comisión)

Colabora:

- ✓ Concello de Cospeito.
- ✓ Deputación Provincial de Lugo: Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo; Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística e Área do Medio Rural e do Mar, e Xuventude
- ✓ Xunta de Galicia: Delegación Provincial en Lugo da Xunta de Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia
- ✓ Universidade de Santiago de Compostela
- ✓ Aceites Abril
- ✓ Cafés Candelas
- ✓ Panadería Hermo
- ✓ Manantiales de Galicia
- ✓ Caixa Rural Galega
- ✓ Abanca, Corporación Bancaria, S.A.
- ✓ Empresarios do Pobo de Muimenta.
- ✓ Asoporcel

Muimenta, 24 de abril do 2025